

As leis de Newton

Woolsthorpe, 1665. Nunha pequena aldea de Lincolnshire, un mozo pasea polo xardín da casa materna. Está alí porque a Gran Peste asola Inglaterra e a Universidade de Cambridge, onde estuda, pecha as súas portas ata que a pandemia amaine. Ruído de ramas. Un destello vermello. A mazá cae ao chan. Tempo despois dirán que lle golpeou a cabeza, pero agora Newton só pode pensar nunha cousa: aí hai algo grande.

Pontevedra, 2024. Oito anos e outra pandemia despois. Nosoutras non paseamos: escoitamos. No Teatro Principal. Nun momento da tarde, a xornalista Cláudia Morán dá as grazas ás que acudiron a pesar do traballo e dos problemas de conciliación. E engade: «boto en falta os nosos compañeiros». Con «o» de masculino, nada de xenérico. E os aplausos son mazás caendo no chan todas á vez, ruidosas, facéndose notar. Un cento delas.

A Newton chegamos todas e todos na adolescencia, coas súas tres leis, na materia de física. A primeira tamén se chama Principio de inercia: todo obxecto permanece como está, en repouso ou en movemento, en ausencia de forzas que actúen sobre el. É dicir: se non facemos nada, todo permanecerá igual. Por iso naceu en 2018 *As mulleres que opinan son perigosas*: non facermos nada deixou de ser unha opción. A primeira edición tivo lugar só uns días antes daquel 8M no que saímos berrar que as cousas, tal e como estaban, estaban mal. Naquela altura, Morán tamén andaba a facer contas: xunto con outras sete compañeiras de Xornalistas Galegas, asociación que defende un xornalismo con perspectiva feminista, dedicáronse a contar durante ese ano cantas columnas de opinión dos principais xornais galegos en papel estaban escritas por mulleres. A cifra, arrepiante: só o 15 %. Un movemento tan pequeniño, o das mulleres que opinan, que case non se diferenciaba do repouso. Pero movíámonos. Paseniño.

Houbo un momento no que Cláudia o que contaba eran contos. O vídeo da nena que foi enche a pantalla. Feliz; sen medo, sen vergoña, sen cancelas. *Con voz*. En que momento perdemos as mulleres a voz, pregunta. A segunda lei de Newton é clara: a aceleración dun obxecto é directamente proporcional á forza que actúa sobre el e inversamente proporcional á súa masa. Isto é: movémonos segundo a forza que actúa sobre nós, e canta máis carga, máis forza é necesaria. As cargas das mulleres que opinan non son as cargas dos homes que opinan. Para nós abriremos a boca sobre un tema necesitamos ser doutoras cum laude dúas veces. O privilexio de non vivir na ansiedade, na síndrome da impostora, na esixencia continua é algo que a moitas nin nos soa. A voz vaise perdendo cos anos, eses en que a sociedade patriarcal e os estereotipos de xénero apertan cada vez máis a nosa gorxa. Penso na nena que eu tamén fun, á que un profesor chamou *verdulera* por expoñer as súas ideas con demasiada forza. Na carga que levo ás costas desde aquela, no peso que fun recollendo polo simple feito de nacer muller.

As mulleres que opinan son perigosas é a resistencia, porque cando o peso se reparte entre todas, somos máis fortes. E a resistencia non se exerce se non hai unha forza contra a que loitar do outro lado, como ben di a terceira lei de Newton: toda acción xera unha reacción igual, pero en sentido oposto. Principio de acción-reacción. Seguiremos aquí ata que desaparezcamos por incomparecencia das forzas contrarias: o machismo no xénero da opinión.

Mentres sigo aplaudindo, penso que aquí hai algo grande. E dígame que menos mal que o Newton da mazá era Mr e non Mrs; se non, no canto da lei de gravitación universal teríamos unha dentada no froito e unha culpa infinita.